



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTE)

##### *Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DEZ DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E SEIS POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2026.

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2026.

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

##### **Primeiro. Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

##### **Segundo. Obxecto:**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2026, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026.

##### **Terceiro. Bases reguladoras**

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas?page=1>

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2026.

<https://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/axudas>

##### **Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo**

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros).

Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00 €.

##### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio.

Lugo, 15 de abril de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0949

## ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

### Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRECTAS NOMINATIVAS TRAMITADAS DENDE A ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2026

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións realizarase, entre outros, de acordo cos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do establecido no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 9, do 11 de xaneiro de 2024), dáse publicidade ás subvencións directas nominativas tramitadas dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, da Deputación Provincial de Lugo, no primeiro trimestre do ano 2026:

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	ÓRGANO CONCEDINTE	DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE	APLIC. ORZAM.
Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo	G27161496	Nominativa	Xuvenlugo 2026	Presidencia	24/03/2026	15.000,00 €	3342.48900
Asociación galega de apicultura	G15077282	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	26/03/2026	10.000,00 €	4190.48900
Asociación de empresarios Ribeira Sacra Next	G21788732	Nominativa	Funcionamento e actividades	Presidencia	27/03/2026	10.000,00 €	4190.48900
Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo	G27161496	Nominativa	Expolugo A Rural 2026	Presidencia	27/03/2026	28.000,00 €	4190.48900
Cofradía de pescadores de Foz	G27008507	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	27/03/2026	9.000,00 €	4190.48900
Xuvenlab Ciencia, SL	B56727571	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	27/03/2026	20.000,00 €	4190.48900

Lugo, 15 de abril de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto do 14 de xaneiro de 2026, O DEPUTADO DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, Daniel García Fernández.

R. 0950

## CONCELLOS

### BURELA

#### Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

**PRIMEIRO.-** Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre María Elia Franco Cuba e Dirlei Rodrigues Da Silva, que se celebrará o día catro de abril do dous mil vinte e seis, ás 13:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

**SEGUNDO:** Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 13 de abril de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0928

**NEGUEIRA DE MUÑIZ***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0058 de data do 07.04.2026, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de marzo de 2026 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 121,28 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 307,38 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 8 de abril de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0929

**AS NOGAIS***Anuncio*

Visto o escrito recibido neste Concello remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme ao que se pon en coñecemento deste Concello que deberá proceder á provisión de vacante do cargo de Xuíz de Paz de As Nogais (Lugo), e se insta a iniciar

o procedemento para nova designación; esta Alcaldía-Presidencia, de conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, resolveu:

Abrir un prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que as persoas que estean interesadas e

reúnan as condicións legais, soliciten deste Concello, ser elixidos para ditos cargos polo Pleno do Concello, por un período de catro anos e cuxo nomeamento se efectuará pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Requisitos para tomar parte na convocatoria:

- a) Estar en posesión da nacionalidade española.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso en algunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial
- d) Ser residente nesta localidade (sede do Xulgado de Paz).
- e) Non estar incurso en algunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial (artigo 389)

Os interesados presentarán a correspondente solicitude, no Rexistro Xeral deste Concello en horario de atención ao público (de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres) ou no Rexistro Electrónico deste Concello (Sede Electrónica). Ademais as solicitudes tamén se poderán presentar por calquera dos outros medios que regula o artigo 16.4, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á citada solicitude achegarase a xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o/a solicitante.

As Nogais, 13 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0930

*Anuncio***Expediente 106/2026**

En cumprimento do establecido no artigo 26 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, faise pública a aprobación dun Plan económico-financeiro polo Pleno desta Corporación en sesión de data 10/04/2026, con vixencia para os exercicios 2026/2027 e motivado polo incumprimento do principio de regra de gasto con ocasión

da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2025, o cal estará a disposición dos interesados nas dependencias da secretaría xeral do Concello de As Nogais.

As Nogais, 13 de abril de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0931

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA DE DECLARACIÓN DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN E DE RELACIÓN DE BENS E DEREITOS A EXPROPIAR**

Don Benjamín García Toirán, Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de O Páramo, no exercicio por substitución das competencias da Alcaldía en aplicación do disposto no artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, **EXPOÑO**:

Actualmente, o campo da feira do Páramo está calificado no Plan Básico Autonómico coma espazo libre, zona verde, equipamento.

Por outra banda, dito espazo está materialmente afecto ao uso público, se ben o Concello non é titular da totalidade da súa superficie.

Co gallo de executar as previsións contidas no planeamento urbanístico e obter os terreos afectados ao uso público, compre iniciar expediente de expropiación forzosa daquelas parcelas que, estando calificadas como zoa verde, non son de propiedade municipal.

A utilidade pública da expropiación deriva da súa calificación como zoa verde e espazo libre no Plan Básico Autonómico.

A expropiación límitase ás parcelas calificadas coma tales en dito Plan.

En tanto a expropiación trae causa da execución do planeamento urbanístico, é de aplicación o disposto no artigo 85 LEF.

Asemade, o artigo 129 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, establece que os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais ou locais obteranse mediante expropiación forzosa.

O día 11 de marzo de 2026 acordouse iniciar o expediente expropiatorio e aprobar inicialmente a relación de bens e dereitos a expropiar.

No BOP núm. 38, de 16 de febreiro de 2026, publicouse a relación inicial de bens e dereitos a expropiar, abríuse un prazo de información pública de quince días hábiles, durante os cales calquera persoa poderá achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación.

Transcurrido o prazo de información pública non se presentou alegación ou reclamación alguna, motivo polo cal o Pleno da Corporación, en data de 10 de abril de 2026, acordou:

**PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente a relación de bens e dereitos a expropiar aprobada inicialmente con data de 10 de febreiro de 2026 e publicada no BOP núm. 38, de 16 de febreiro de 2026

**SEGUNDO:** Declarar a necesidade de ocupación de ditos bens e dereitos.

**TERCEIRO:** Iniciar o procedemento de fixación do xustiprezo, habilitando ao Alcalde ou concelleiro en quen delegue para a tramitación de cada peza separada até o momento da fixación definitiva.

O presente acto administrativo pon fin á vía administrativa, e poderá ser recurrido potestativamente en reposición perante o Pleno da Corporación no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da práctica da presente notificación, ou ben recurrilo directamente perante a sección do contencioso administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da presente publicación.

E para que así conste, asina o presente

O Páramo, 14 de abril de 2026.- O primeiro tenente de alcalde, Benjamín García Toiran.

R. 0951

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 10 de abril de 2026 o Orzamento Xeral para o exercicio económico 2026, de acordo co previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto

500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Asemade, poderá consultarse o documento no Portal de Transparencia albergado na sede electrónica municipal.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

O Páramo, 14 de abril de 2026.- O primeiro tenente de alcalde (por substitución), Benjamín García Toiran.

R. 0952

## POL

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 10 de abril de 2026 aprobouse o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao primeiro trimestre do ano 2026.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/05/2026 e o 01/07/2026, ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectuarlo pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 10 de abril de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0932

## PORTOMARÍN

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente por o Pleno da Corporación o Orzamento Xeral para o Exercicio económico de 2.026, as bases de execución a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no art. 169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e disposicións concordantes, expónse o público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Portomarín, 15 de abril de 2026.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0953

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN***Anuncio*

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2026.

BDNS (Identif.): 899047

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/899047>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, tierra o montaña, vehículos históricos y energías alternativas, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2026, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas?page=1>.

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2026.

Axudas Deportivas | Deputación de Lugo

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros).

Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio.

Lugo, 14 de abril de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 0954

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BEGONTE***Anuncio*

Extracto da Resolución da Alcaldía de 13 de abril 2026 polo que se aproban as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a Asociacións Culturais, Deportivas e Veciñais para a realización de actividades e convocatoria para o ano 2026

BDNS (Identif.): 898322

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/898322>)

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán optar ás subvencións da presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Begonte.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito do Concello de Begonte
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nos deberes tributarios co Concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e dos deberes fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Segundo. Finalidade:

Concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas ou actividades culturais e deportivas.

Terceiro. Bases reguladoras:

Resolución da Alcaldía, do 13 de abril de 2026

Cuarto. Importe:

As entidades só poderán solicitar unha subvención. Si unha asociación e Cultural, veciñal (rexistrada nun rexistro público de asociacións) e deportiva (rexistrada nun rexistro público de entidades deportivas) poderá optar por unha subvención ou outra, tendo en conta que en ningún caso supere os 1.000,00 €, para as asociacións veciñais e culturais e 600,00 € para as deportivas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Trinta días naturais seguintes á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

Begonte, 13 de abril de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0933